

La contaminación obliga a limitar el tráfico en Italia

RESTRICIONES Ciudades como Roma o Milán limitaron o directamente prohibieron ayer el tráfico rodado para reducir los altos niveles de contaminación, un problema que ha suscitado un intrincado debate político. Factores como la sequía o el aumento de desplazamientos por las fiestas elevaron los niveles de partículas en suspensión PM10 en ciudades como Milán. EFE

El doctor Cacabelos, nuevo editor-jefe de 'Journal of Genomics and Bioinformatics'

CIENCIA El presidente de Euroespes, el doctor Ramón Cacabelos, ha sido nombrado editor-jefe de la recién creada revista estadounidense *Journal of Genomics and Bioinformatics*. "Me siento muy honrado por la confianza y el reconocimiento internacional a los 20 años que llevamos trabajando en medicina genómica y muy especialmente en la farmacogenómica de las

enfermedades del cerebro", destacó Cacabelos sobre este nuevo puesto de responsabilidad. *Journal of Genomics and Bioinformatics* es una publicación dependiente de la iniciativa Scitech Central creada por investigadores y científicos de renombre de todo el mundo con el propósito de ofrecer a los lectores un contenido científico gratuito y de calidad lejos de

los circuitos tradicionales de divulgación de los grandes avances en investigación. Cacabelos preside la Asociación Mundial de Medicina Genómica y es uno de los investigadores más reputados en este ámbito a nivel internacional. El doctor ha hecho hasta la fecha grandes aportaciones en el campo de la farmacogenómica de las enfermedades del cerebro. E.PRESS



Ramón Cacabelos Foto: Gallego

'Games of thrones' e 'Interstellar', las más pirateadas

BALANCE La serie de HBO *Game of Thrones* y la película del cineasta Christopher Nolan *Interstellar* fueron los contenidos audiovisuales más pirateados en 2015, informó la revista *Variety*. Inspirada en los libros de fantasía de George R. R. Martin, *Game of Thrones* (Juego de tronos) encabezó de nuevo la lista de series más pirateadas con 14.400.000 descargas ilegales en 2015. EFE

42 | TENDENCIAS

EL CORREO GALLEGO

MARTES
29 DE DICIEMBRE DE 2015

Un libro colaborativo une 36 voces poéticas galegas en tributo a Lorca e Casal

'6 poemas 6', publicado por Biblos e editado por Suso Díaz e Helena Villar Janeiro, dialoga cos versos galegos do granadino



Suso Díaz, esda., Helena Villar Janeiro e Tucho Calvo, durante a presentación onte de '6 poemas 6'. Foto: Ramón Escuredo

FRAN P. LORENZO Lugar

Ao xeito daqueles *cadavre exquis* dos surrealistas, onde o talento poético se puña ao servizo da colaboración e do xogo, Suso Díaz e Helena Villar –editores do volume *6 poemas 6*, publicado por Biblos– retaron a outros trinta e catro autoras e autores galegos a homenaxearen a figura de Federico García Lorca. O *leitmotiv* dessa conversa a tantas mans e voces foron os *Seis poemas galegos* do poeta granadino, de cuxa publicación no vello prelo de Ánxel Casal se celebrou o do-

mingo pasado o seu oitenta aniversario.


Onte, na Libraría Couceiro de Santiago, o editor de Biblos, Tucho Calvo, canda Suso Díaz e Helena Villar, explicaron a xénesis dun

Tucho Calvo, Suso Díaz e Helena Villar presentaron o libro na Librería Couceiro

"Parecíame pura ilusión, pura utopía" artellar un libro coma este, sinalou Villar

proxecto que o editor de Biblos non dubidou en cualificar de "obra histórica por moitas razóns". Suso Díaz, pola súa parte, referiu-se ao "ilusionante e enriquecedor" que resultou unha iniciativa na que " persoas distintas fixeron ao unísono un mesmo poema". Díaz, canda Calvo, tivo unhas palabras de admiración e recoñecemento ao labor do editor Ánxel Casal, a quen tamén se lle rende homenaxe na mancheta do libro: "Rematouse de imprentar este libro o 17 de nadal

de 2015, data do 120 aniversario do nacemento de Ánxel Casal, editor de *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca". E non só, un acróstico



para o editor de Nós pecha o volume ao que Helena Villar –confesouno onte– chegou a través doutro fito colaborativo como son as redes sociais. A tolemia e o escepticismo ante a posibilidade de amigar tantas voces e sensibilidades poéticas –"parecíame pura ilusión, pura utopía", afirmou Villar– foi dándolle paso ao traballo real de diseñar un plan de actuación. Foron desta volta seis grupos, de seis poetas, nos que un deles actuou coma coordinador: os propios Helena Villar e Suso Díaz, canda Modesto Fraga, Marta Dacosta, Yolanda Castaño e Lucía Novas. A premisa foi a "libertade" suprema e a "auténtica interacción e colaboración" dos participantes. "Tanto os poetas coma os ilustradores –seis traballos plásticos de Antón Sobral, Irene Silva, Marita Martín, Alfonso Costa, Viki Rivadulla, Nolo Suárez e Xosé Vizoso, autor da capa– entregaron todo en prazo, o que facilitou o labor de edición", sinalou Helena Villar, consciente de que era este "un libro moi difícil de publicar".

Canda as voces dos editores e coordinadores de cada grupo, o volume inclúe as achegas poéticas de Marica Campo, Fernández Naval, F. R. Lavandeira, Xesús Rábade, Miro Villar, Rocío Blanco, Alfredo Ferreiro, Alexandre Nerium, Emma Pedreira, Rivadulla Corcón, Pepe Cáccamo, Leticia Costas, Paco Souto, Eva Veiga, Rafa Vilar, Lucía Aldao, Xiana Airas, Olalla Cociña, Gonzalo Hermo, María Lado, Miguel A. Alonso Díz, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Baldomero Ramos, Lorena Rei, Noelia Rodríguez, Alba Cid, Xosé Daniel Costas Currás, Rosa Enríquez, Míriam Ferradáns e Ismael Ramos. Trinta e seis poeta, 6 x 6, nun tributo a García Lorca.

fperez@elcorreogallego.es

Novas axudas en 2016 para as industrias culturais

As primeiras catro liñas de subvencións convocadas suman en total 920.000 euros

Santiago. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) publicou onte no Diario Oficial de Galicia (DOG) unha primeira quenda das súas diferentes liñas de subvencións ao sector para 2016. Trátase de catro convocatorias que suman unha contía total adxudicable de 920.000 euros e que se dirixen en concreto á producción escénica, ás salas de titularidade privada, á promoción do talento audiovisual galego e aos festivais cinematográficos.

Coadxunto coa publicación destas bases, aprobadas na última xuntanza do Consello Reitor da Agadic, o organismo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comeza o seu próximo ciclo anual cara ao fomento das distintas actividades das industrias culturais galegas, co obxectivo xeral de contribuir á capitalización das empresas e ao financiamento dos seus produtos e servizos.

Estas subvencións, que se rexen polo principio de corriencia competitiva, serán completadas nos próximos meses con novas convocatorias destinadas a incidir noutros aspectos ou fases da creación cultural profesional e da súa difusión entre o público, como serán a distribución interior e exterior de espectáculos, a producción e coproducción audiovisual, o desenvolvemento de proxectos audiovisuais ou a celebración en Galicia de festivais escénicos e musicais. REDACCIÓN